



XUNTA DE GALICIA



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA, E A FUNDACIÓN DE EXPOSICIÓNS E CONGRESOS DA ESTRADA, PARA FINANCIAMENTO DE GASTOS RELATIVOS A CELEBRACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN NO RECINTO FEIRAL DA LOCALIDADE DA ESTRADA

En Santiago de Compostela, a cinco de abril de dous mil dezaseis, na sede da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

REUNIDOS

Dunha parte D. Francisco José Conde López, conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, nomeado para o dito cargo por Decreto 124/2015, do 4 de outubro, actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo; e tamén polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril do 1991).

E doutra parte, -----, con NIF -----, actuando no nome e representación da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, na súa calidade de presidente do Comité Executivo.

Interveñen en función dos seus cargos respectivos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Consellería de Economía, Emprego e Industria, en adiante, a consellería, segundo o artigo 1º do Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria (DOG nº 232, do 4 de decembro de 2015), é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, de competencias en materia de comercio interior e dentro destas cabe sinalar, especificamente: a promoción, fomento, modernización e desenvolvemento do comercio e a programación e xestión de axudas destinadas a estes fins, o impulso do asociacionismo comercial e da asistencia técnica comercial en colaboración con outras institucións e entidades. Concretamente, o programa 751A, que xestiona a Dirección Xeral de Comercio, contempla a renovación do sector comercio e mais a promoción de sectores e produtos galegos, neste caso apoiando as actuacións desenvolvidas polas fundacións feirais para acadar o nivel de competitividade desexábel cara os mercados nacionais e internacionais e que incidan no seu maior desenvolvemento.

SEGUNDO.- No orzamento de gastos para o exercicio 2016 inclúese a aplicación 09.30.751A.443.06, "Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada", coa fonte de financiamento de fondos propios libres (1010) e proxecto de investimento número 2015/00265, "Fundacións de carácter feiral. Mantemento e actividade feiral". De conformidade co disposto polos artigos 19.4 e 26 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, trátase dunha subvención de concesión directa que se instrumenta a través deste convenio de colaboración.

TERCEIRO.- A fundación "Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada", no sucesivo, a fundación, ten como obxecto a consecución de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial ao que a súa denominación e fins se contraen, sendo unha das súas finalidades



primordiais a realización de actividades de promoción, e a tal fin vén desenvolvendo no recinto feiral que xestiona, actuacións que se concretan fundamentalmente en feiras, certames e exposicións. É por isto que as súas actuacións enmárcanse no interese xeral e, de acordo co disposto no artigo 26.2.a) da Lei de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência pública porque as accións de promoción comercial dos produtos e sectores galegos a través de feiras, certames, xornadas divulgativas e outras similares, obxecto deste convenio, realizaranse unicamente no recinto feiral do que é titular a devandita fundación.

CUARTO.- Con carácter previo á sinatura deste convenio, a fundación acreditou a concorrência ou non doutras axudas públicas para a mesma finalidade, de conformidade co establecido no artigo 11.d) da Lei de subvencións de Galicia. Así mesmo, constan certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia, de acordo co establecido nos artigos 11.e) e 31.7 da devandita lei.

Así mesmo, esta subvención quedará suxeita ao réxime de axudas de minimis, polo que non poderá exceder dos límites cuantitativos de 200.000,00 euros nun período de tres anos establecidos no Regulamento (UE) núm. 1407/2013 da Comisión da Unión Europea, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE 24.12.2013,L352/1).

Xa que logo, a fundación acreditará previamente á sinatura deste convenio, a obtención doutras axudas baixo o réxime de minimis, que non superen os límites establecidos no Regulamento sinalado no parágrafo anterior. Este límite aplicarase independentemente da forma da axuda de minimis ou do obxectivo perseguido. O período determinarase tomando como referencia os dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal en curso.

Por todo iso, as partes consideran que a mellora da competitividade do recinto feiral e a posta en valor dos seus recursos favorece o desenvolvemento comercial, implementando as accións no ámbito da promoción feiral, e dado o interese coincidente da Consellería e a Fundación, acordan a formalización dun convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, para o financiamento de gastos correntes en que incurra a fundación na realización de accións de promoción comercial a través de feiras, certames, xornadas divulgativas e outras similares, no recinto feiral do que é titular a fundación, cun orzamento total de CORENTA E SETE MIL DOUSCENTOS CORENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (47.246,49.-), IVE excluído, e que se detallan no Anexo.

SEGUNDA.- A consellería achegará a cantidade de CORENTA E CINCO MIL TRESCENTOS EUROS (45.300,00.-), con cargo á aplicación orzamentaria 09.30.751A.443.06, proxecto de investimento número 2015/00265, do orzamento de gastos para o ano 2016.

TERCEIRA.- A fundación comprométese a executar as accións de promoción dentro do seu recinto feiral e a especificar a colaboración da consellería en toda a documentación que delas se deriven, así como a financiar o resto do orzamento na cantidade de MIL NOVECIENTOS CORENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.946,49.-).

Con carácter xeral e de acordo co artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitado responderán á natureza da actividade subvencionada, e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2016.



Os gastos subvencionables ao abeiro deste convenio e os seus importes máximos serán os que estean vinculados aos conceptos detallados no orzamento establecido no Anexo ao convenio.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado á data de finalización do período de xustificación determinado neste convenio.

A fundación, como entidade promotora das actuacións obxecto deste convenio e co obxecto de garantir a súa adecuada execución, comprométese a asumir a dirección técnica e deberá proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, se é o caso á subcontratación dos servizos precisos para isto ata o 100% deles, asumindo expresamente o contido dos límites e obrigas establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 43 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei, sen prexuízo da aplicación da disciplina da contratación pública se a beneficiaria cumpre coas condicións do artigo 3.3 b) do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público para ser poder adxudicador.

CUARTA.- A aportación da consellería para a realización das actividades obxecto deste convenio é compatible con outras axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para a mesma finalidade, sempre que o importe total das subvencións concedidas non supere o custo das actividades subvencionadas.

QUINTA.- O libramento da aportación pola consellería levarase a cabo unha vez que a Fundación acredite a realización das accións de promoción que dan orixe aos gastos, mediante unha certificación expedida polo órgano competente que incluíra a relación de gastos, con data límite o 31 de outubro de 2016, coa conformidade da Dirección Xeral de Comercio.

Acompañarase unha relación nominativa de facturas agrupadas e ordenadas por cada unha das actuacións desenvolvidas, facendo constar para cada documento o seu número de orde, data de expedición, expedidor, concepto, importe en euros e data de pago.

Ademáis achegarase a documentación acreditativa de realización do gasto, que consistirá nas facturas ou documentos de valor probatorio equivalentes no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior, e a documentación correspondente ao pagamento que se acreditará mediante transferencia bancaria e extracto bancario onde figure o cargo por esta. Nos documentos deberán quedar identificados o receptor e o emisor do pago, non admitíndose os pagos en efectivo. Dita documentación consistirá en orixinal ou copia compulsada por notario ou funcionario público. Se presenta os orixinais éstos serán devoltos ao beneficiario unha vez comprobada a xustificación.

Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 11.d) da Lei de subvencións de Galicia, a fundación deberá acreditar a concorrencia ou non con outras axudas públicas para a mesma finalidade.

Ademais, acreditarase a obtención doutras axudas baixo o réxime de minimis, que non superen os límites establecidos no Regulamento (UE) núm. 1407/2013 da Comisión da Unión Europea, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE 24.12.2013,L352/1). Este límite aplicarase independentemente da forma da axuda de minimis ou do obxectivo perseguido. O período determinarase tomando como referencia os dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal en curso.



A aportación da consellería minorarase porcentualmente no caso de que a fundación non xustifique o orzamento total que figura na cláusula primeira.

Para facer efectivo o devandito libramento, cómpre que pola fundación se presenten certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa seguridade social e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia, así como un informe de situación da entidade na que se recollan, como mínimo, a consecución de obxectivos vinculada ás achegas económicas recibidas para o ano 2016 e o desglose pormenorizado do aforro que se produza ou se puidera producir no exercicio, a situación laboral do persoal de acordo coa normativa vixente así como a situación das contribucións ou subvencións dos patróns e das distintas administracións públicas e outras entidades para o exercicio 2016 á data de presentación da xustificación e a previsión, no seu caso, a 31 de decembro de 2016; a relación das feiras, certames e eventos de calquer tipo e alugueiro das instalacións, celebrados na anualidade.

A consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto deste convenio. Por outra banda, a fundación queda obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

SEXTA.- Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades achegadas pola consellería no suposto de incumprimento das condicións establecidas neste convenio. Así mesmo, toda alteración das devanditas condicións e, en todo caso, a obtención concorrente doutras axudas públicas para a mesma finalidade, poderá dar lugar á modificación das cantidades establecidas na cláusula segunda deste convenio.

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Dirección Xeral de Comercio poderá apreciar un incumprimento parcial, e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida no convenio e, se e o caso, establecendo a obriga de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes a contía ou conceptos do investimento subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 25% do investimento subvencionable do proxecto, entenderase que o dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora.

SÉTIMA.- A fundación presta o seu consentimento á consellería para que, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44, 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as axudas concedidas nos rexistros públicos referidos con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

OITAVA.- Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, e estenderá a súa vixencia ata o 30 de novembro de 2016.



Así mesmo, quedan incluídas as accións desenvolvidas e os gastos producidos dende o primeiro de xaneiro de 2016 e que se correspondan co obxecto deste convenio. Non se contempla a posibilidade de prórroga.

NOVENA.- A subscrición deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquer outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a consellería, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMA.- Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de seguimento de composición paritaria, que coordinará o seu desenvolvemento.

O funcionamento da comisión de seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, do capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Este convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalguna das cláusulas que o regulan, ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

DÉCIMO SEGUNDA.- Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4.1.d) do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación. Non obstante, se aplicarán os principios e criterios do dito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puidieran presentarse.

Este convenio rexeráse, ademais do disposto no seu clausulado, pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, seranlle de aplicación as demais normas de dereito administrativo aplicable ou, no seu defecto, as derivadas do dereito privado. En consecuencia, correspóndelle á consellería a prerrogativa de interpretación deste convenio e resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento, sendo os acordos neste senso inmediatamente executivos sen prexuízo de que se poidan interpor contra eles os correspondentes recursos contencioso-administrativos.

E, en proba de conformidade, subscríbese este convenio no lugar e data enriba sinalados, por duplicado exemplar e para un único efecto.

POLA XUNTA DE GALICIA
O conselleiro de Economía, Emprego e
Industria

POLA FUNDACIÓN
O presidente do Comité Executivo

D. Francisco José Conde López



ANEXO

ACTUACIÓNS – Mantemento e promoción do recinto feiral	ORZAMENTO DE GASTOS ASOCIADOS, DESAGREGADO POR CONCEPTOS	ACHEGA CONSELLERÍA	ACHEGA FUNDACIÓN
GTOS GENERALES DEL RECINTO	- Electricidade. - Mantemento Ascensor. - Seguro - Teléfono	8.000,00.-	343,20.-
6ª FEIRA DE OPORTUNIDADES DO COMERCIO	Servizos feirais: - Seguridade - Cartelería - Publicidade - Electricidade - Comunicacións: teléfono, correos... - Persoal de apoio - Gastos varios necesarios para a realización da feira (gastos ferretería, etc.)	3.355,80.-	144,20.-
5ª FEIRA DE LABORES	Servizos feirais: - Publicidade - Cartelería - Gastos varios necesarios para a realización da feira (gastos ferretería, etc.)	479,40.-	20,60.-
49ª/50ª/51ª FEIRAS ANTIGÜIDADES E ARTESANÍA	Servizos feirais: - Seguridade - Publicidade - Cartelería - Electricidade - Comunicacións: teléfono, correos... - Persoal de apoio - Gastos varios necesarios para a realización da feira (gastos ferretería, etc.)	3.111,30.-	133,69.-
30ª FEIRA MOBLE DE GALICIA	Servizos feirais: - Seguridade - Electricidade - Montaxe feira - Prima seguros - Publicidade - Cartelería - Comunicacións: teléfono, correos... - Persoal de apoio - Gastos varios necesarios para a realización da feira (gastos ferretería, etc.)	30.353,50.-	1.304,80.-
	TOTAL	45.300,00.-	1.946,49.-
TOTAL	47.246,49.-		

INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES

Terán a consideración de investimento subvencionable os gastos directos imputables á organización, montaxe, promoción e servizos, obxecto de contratación externa, para as actuacións subvencionadas.

Os custos indirectos terán a consideración de investimento subvencionable, sempre que se imputasen polo beneficiario á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

Serán admisibles tamén os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistras e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado. Os gastos de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a axeitada preparación ou execución desta.